



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA
PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOSOCIAIS**

Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento da colaboración cos colexios profesionais no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de Xustiza en Galicia, especialmente no ámbito dos informes psicosociais, enmarcada no principio xeral de colaboración recollido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia

Antecedentes: Os equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) créanse a partires da incorporación ó mesmo dos psicólogos con destino en los xulgados de familia que existían na Coruña, Pontevedra e o adscrito a Clínica Forense de Vigo. Coa creación do IMELGA no ano 2006 e os cambios lexislativos en materia de violencia de xénero, fai que se creen prazas de psicólogos e traballadores sociais en todas as Subdireccións e que se dote dun segundo equipo nas poboacións mais grandes (A Coruña e Vigo). Así no ano 2006, ano de creación do IMELGA, a plantilla de psicólogos e traballadores sociais do Imelga estaba constituída por 10 psicólogos e 9 traballadores sociais, sumándose outro psicólogo mais, con destino en Ourense, no seguinte ano 2007.

En materia de familia, os iniciais equipos, quedaron inmediatamente desbordados coa súa incorporación o IMELGA, dado que viron subitamente aumentados o número de xulgados que tiñan que atender e, por tanto, o número de asuntos, xa que empezaron a responder as demandas de todo o territorio da Subdirección do IMELGA no que quedaron incorporados. Incluso nos territorios onde se nomeou un segundo equipo, os peritos non puideron respostar a gran demanda de valoración nesta





materia, a que se sumou outras pericias, con especial significación da ligada a xustiza penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.)

Nestes anos non só incrementouse o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, sendo cada día mais frecuente que os Xulgados e Tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e para concretar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o tribunal, se non que tamén produciuse un incremento no número total de demandas, tanto por tipo de pericias, como en números globais.

As peticións que atenden os equipos psicosociais van moito mais alá das que se tiñan en mente no tempo da súa creación, de modo a previsión de postos de traballo que se fixo, axiña revelouse completamente desaxustada as exixencias reais. Si ó anterior engadimos as novas demandas de inmediatez que xorden dos cambios legislativos e da propia presión da sociedade, atopamos unha situación gravemente disfuncional, con xeración de listas de espera en todas as Subdireccións do IMELGA, con tempos de espera superiores o ano en algúns territorios, e incluso con demoras de varios meses para as demandas que por propia natureza (como as causas con preso) son de carácter urxente. Neste tempo houbo moitos esforzos puntuais para solucionar o problema, intervindo naqueles sitios onde o retraso era maior, con nomeamento de equipos de reforzo. Pero esta medida, inda que aliviou un pouco o problema, revelouse insuficiente por varias razóns:

- Os distintos equipos de reforzo nomeados o longo do tempo, non foron nunca capaces de alcanzar os obxectivos fixados. A falta de experiencia profesional y a demora no nomeamento, que fixo que a lista de espera seguise medrando, son as razóns principais de tal fracaso.
- Co cese dos equipos de reforzo, a situación volvía a ser a mesma, cun desaxuste entre a demanda pericial e a capacidade dos equipos, de modo que en poucos meses se volvía a situación de retrasos que se procuraba solucionar.

Na liña do anterior, o presente convenio pretende actuar sobre esta situación, e seguindo un modelo xa establecido polo Ministerio de Xustiza no convenio de co Consello Xeral de Colexios Oficiais de





Psicólogos para, entre outras cuestións, a emisión de informes periciais, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende conveniar co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a elaboración dos informes psicosociais solicitados polos xulgados de familia de modo que se poda superar o retraso acumulado.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2017.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia para a realización de pericias psicolóxicas a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia. De modo que os/as traballadores/as sociais que realicen estes servizos deberán ser seleccionados/as entre os/as colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, conforme aos seguintes criterios, pola orde de prioridade en que se relacionan:

- 1.º O desempeño de actividades de similares características
- 2.º A formación e especialización no ámbito da asistencia pericial forense.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia é unha corporación de dereito público de carácter representativo do traballo social, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. De acordo aos seus Estatutos, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia relacionarase directamente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente en materia de colexios profesionais, no referente aos aspectos institucionais, e a través da/das consellería/s competente/s en relación coa profesión e no referente aos seus contidos. Do mesmo xeito, poderá formalizar convenios ou colaboracións con entidades públicas ou privadas e con colectivos de profesionais a nivel estatal ou internacional dentro do marco da lexislación vixente, incluíndo a prestación de servizos e a súa contratación.





- O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ten entre os seus fins colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente e favorecer a promoción profesional e laboral das persoas colexiadas, procurando nichos de emprego, fomentando o emprendemento das persoas colexiadas e procurando as canles de apoio en materia de asesoría ou económico que acorden os órganos de goberno e representación.
- É competencia da Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a provisión dos medios persoais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza en Galicia, de acordo co disposto no Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), no Real Decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e no Real Decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que a Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona xeográfica actividades específicas de loita contra o narcotráfico a través da colaboración coas forzas e corpos de seguridade, con profesionais do eido xudicial e coas administracións e organismos con competencias na materia, o que supón por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico a asunción dunha serie de obrigas económicas e de traballo.

Financiamento: a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co fin de financiar os gastos relativos ao nomeamento dos/as traballadores/as sociais que realizarán os informes psicosociais, achegará ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia ata un importe máximo de 105.500,00 €, aínda que a realización do gasto que se proxecta queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da adquisición do compromiso do gasto, na





XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

galicia

aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0. Cada pericia dará lugar a un informe que se abonará cun pagamento máximo único a razón de 400 euros (IVE incluído), que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial, ademais a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza compensará ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia pola organización da actividade realizada por unha cantidade de 1.500 euros (IVE incluído)

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

